



CTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Rosal, 21 de decembro de dous mil vinte.

Reúnese na sala de xuntas do Concello ás 11 horas, a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de obra, de “Campo Novo: Ecoparque Infantil en Martín, de O Rosal”, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Ánxela Fernández Callís como Presidenta, e como Vocais, D. Fernando Vicente Solla, Arquitecto Técnico Municipal, D. David Aragunde Arpe, Interventor, e asegurándose a participación e interactividade por medios telefónicos, e a súa identidade e o contido das súas manifestacións, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. María Xosé Álvarez Diego, adscrita á Secretaría, que da fe do acto. Cóntase ca asistencia técnica de José Collazo Carrera, informático do Concello.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación en sesión celebrada o 14 de decembro, de conformidade co disposto na cláusula 18.1 dos PCAP, acordou conceder un prazo de 7 días hábiles a NAROM S.L. para que presentase a documentación que figura no citado artigo e que non figura nos rexistros de contratistas que a continuación se transcribe:

- Certificación da AET acreditativa de non ter débedas pendentes coa Administración do Estado.
- Certificación da ORAL da Deputación de Pontevedra acreditativa de non ter débedas pendentes con esta Administración.
- Documentación acreditativa de constituír a correspondente garantía definitiva de acordo ao establecido na cláusula 19 do PCAP, por importe de 2.843,83 euros.

En data de 18/12/2020 recíbese a seguinte documentación de NAROM S.L.:

- Certificación da AET acreditativa de non ter débedas pendentes coa Administración do Estado.
- Certificación da ORAL da Deputación de Pontevedra acreditativa de non ter débedas pendentes con esta Administración.
- Garantía definitiva constituída mediante aval bancario bastanteado e xustificante do seu depósito na Tesourería Municipal, por importe de 2.843,83 euros.

SEGUNDO.- Examinada pola Mesa de contratación a documentación xunto coa documentación que consta no rexistro de contratistas e procédese á súa valoración:

Documentación acreditativa da capacidade de obrar e da representación

As persoas xurídicas deberán presentar escritura ou documento de constitución, ou de modificación, no seu caso, estatutos ou acta fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Sí figura no Rexistro de contratistas





CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

Documentación acreditativa de non concorrer causa de prohibición para contratar conforme á cláusula 15 dos PCAP.	<input checked="" type="checkbox"/>
ATRIGA	<input checked="" type="checkbox"/>
ORAL	<input checked="" type="checkbox"/>
SEG SOC	<input checked="" type="checkbox"/>
IAE	<input checked="" type="checkbox"/> A través do Rexistro de contratistas.
Documentación acreditativa de constituír a correspondente garantía definitiva de acordo ao establecido na cláusula 17 do PCAP por importe de 2.843,83 euros. <i>17.2.- La garantía podrá constituirse en efectivo, mediante aval, en valores de Deuda pública, o mediante contrato de seguro de caución, en la forma y condiciones que establezca el reglamento, debiendo depositarse en la Tesorería del Ayuntamiento su importe, o la documentación acreditativa correspondiente</i>	<input checked="" type="checkbox"/> Mediante aval bancario

Examinada pola Mesa de contratación a documentación presentada, entende que a mesma, xunto ca obrante nos rexistros de contratistas é suficiente e, en consecuencia, acorda propoñer á Xunta de Goberno como órgano de contratación a adxudicación do contrato administrativo de obras de “Campo Novo: Ecoparque Infantil en Martín, de O Rosal” a NAROM S.L.

As condicións que presenta a súa oferta son as seguintes:

OFERTA ECONÓMICA: 56.876,62 € + 11.944,09 € de IVE = 68.820,71 euros.

MELLORAS PREVISTAS NOS PREGOS: Todas.

AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA: 5 anos.

A Sra. Alcaldesa da por terminada a reunión ás 13,45 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu o Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

